

---

**Concurso de Anteproxectos para a construción da  
Estación Galega de Voluntariado da  
Consellería de Familia da Xunta de Galicia no Concello de Sanxenxo**

---

**DOG 24/02/04. CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO (COA COLABORACIÓN DA DELEGACIÓN DO COAG EN PONTEVEDRA)**

**Tramitación:** Ordinario **Procedemento:** Aberto

**Forma de adjudicación:** Concurso de proxectos con intervención de xurado.

**Precio da inscrición** 30 euros. **Prazo de inscrición.** Dentro dos 20 días seguintes á publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

**Forma de obtención da documentación e inscrición.** Os interesados deberán solicita-la documentación na Delegación de Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (C/ Riestra 11, 1º, 36001 Pontevedra; teléfono: 986 85 91 62/986 85 91 58; Fax: 986 84 51 26), no modelo de instancia que se lle entregará no citado organismo, dentro dos 20 días seguintes á publicación deste anuncio no DOG, e seralle facilitada a eles nos 5 días seguintes ó remate do citado prazo. Ó modelo de instancia axuntarase talón nominativo ou resguardo do ingreso por importe de 30 euros a aboar na conta nº 0048-3002-47-0100654187 do Banco Simeón O.P de Pontevedra (relativo ó coste da documentación).

Dentro dos 10 días seguintes ó remate dos prazos especificados no parágrafo anterior, os interesados que teñan solicitada a documentación poderán formular por escrito consultas á Delegación de Pontevedra do COAG.

Concluído o período de recepción de consultas a contestación á totalidade delas seralle remitida no prazo máximo de 15 días a tódolos interesados que solicitaran a documentación.

Información: Información índole administrativa: 981 54 56 62. Información índole técnica: 986 85 91 62/85 91 58.

**Prazo de presentación de propostas** Antes das 14.00 horas do sesaxésimo (60) día natural a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

**Lugar de presentación de propostas:**

Rexistro xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e nas súas delegacións. San Caetano. Santiago de Compostela, 15781. (Ou na forma establecida segundo o prego de cláusulas administrativas particulares).

**Premios**

– 1º premio: 9.000 euros, que serán aboados ó gañador en concepto de entrega á conta dos honorarios do proxecto, levándose a cabo cálculo destes segundo o Baremo vixente do COAG. O gañador será adjudicatario, polo procedemento negociado sen publicidade, da redacción do proxecto básico e de execución e do estudio de seguridade e saúde e no caso de que se executen as obras, da dirección facultativa das mesmas.

- 1º accésit: 3.000 euros.
- 2º accésit: 3.000 euros.
- 3º accésit: 1.500 euros.
- 4º accésit: 1.500 euros.

**Xurado**

O xurado para a selección das propostas estará integrado polos seguintes membros:

- A Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado ou persoa en quen delegue.
- Un vocal designado pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- O Alcalde de Sanxenxo ou persoa en que delegue.
- O Presidente da delegación de Pontevedra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ou persoa en quen delegue.
- Un arquitecto designado pola Delegación de Pontevedra do Colexio de Arquitectos de Galicia.
- Un arquitecto designado polo Concello de Sanxenxo.
- Un arquitecto dos residentes en Galicia, nomeado polos concursantes.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o Secretario Xeral da Consellería ou persoa en quen delegue.

**As bases así como o modelo de inscrición pode consultarse na web do COAG, sección de concursos: ([http://www.coag.es/informacioncolexial/concursos/ultimos\\_concursos.asp](http://www.coag.es/informacioncolexial/concursos/ultimos_concursos.asp))**